

Aristóteles (384- 322 a. E.). Realidade (Ontoloxía).

De conformidade coa súa teoría empirista do coñecemento, Aristóteles vai a elaborar unha visión da realidade que otorgue aos sentidos o privilexio de ser a porta de acceso a un mundo físico constituído por unha pluralidade de corpos que posúen os rasgos propios da materia. O real é corpóreo, físico, material. Tal plantexamento implica distanciarse da concepción platónica da realidade que se basea na **teoría das ideas**. Aristóteles critica esta teoría de **Platón**: segundo este último, as ideas son as esencias das cousas que habitan nun mundo distinto deste; pero, entón ¿como é posible que sendo as ideas as esencias das cousas (aquelo que fai que unha cousa sexa o que é) se encontren separadas das mesmas cousas das que son esencia? Para Aristóteles resulta absurdo pensar que a esencia dunha cousa se encontre separada dela. É precisamente este carácter separado das ideas, o feito de que habiten noutro mundo distinto deste o que lle parece inadmisíbel a Aristóteles.

A Substancia (ousía) e a teoría hilemórfica.

Platón afirmaba que o ser, o real eran as ideas, que se encontran no mundo intelixíbel, e son inmateriais, invisíbeis e intanxíbeis, e, por tanto, inaccesíbeis aos sentidos. Aristóteles restitúe a este mundo a súa plena realidade: o ser, o real é material, sensíbel, corpóreo, e porén, accesíbel aos sentidos. O real son as **substancias**, xa que a realidade está constituída por unha pluralidade de cousas e seres. A substancia é o individuo concreto, material e corpóreo: esta silla que toco, aquel cabalo que vexo, este home chamado Sócrates, etc.

Toda substancia é un composto inseparable integrado por unha **materia** (hyle) e unha **forma** (morphé). A esencia da substancia reside na forma; de aí que Aristóteles otorgue primacía á forma. En todo individuo concreto encontrase realizada a esencia ou a especie que se predica del, así, por exemplo, decimos que Sócrates é home. Ese “home” ven a ser a súa esencia ou especie. Así, pois, a esencia – que se encontra na forma – é común a todos os individuos da mesma especie, mentras que a materia sería o factor que os individualiza, isto é, que dota a cada individuo dos rasgos particulares. Por eso, se ben o proceso de coñecemento empeza polos sentidos que nos permiten percibir aos individuos concretos cos seus accidentes (as súas características particulares que veñen dadas pola materia), é necesario a partir da percepción do individual elevarse por medio da abstracción ate o universal, ate o coñecemento da forma na que reside a esencia para poder comprender a que especie pertence o individuo.

A potencia e o acto

A teoría da potencia e do acto sérvelle a Aristóteles para explicar o cambio, o devenir da substancia, afirmando, deste xeito, o carácter móbil de todo o real, en contra de Parménides (o ser é estático) e de Platón (o movemento fica relegado ao mundo sensíbel, namentras as ideas son inmutabeis).

Como di Aristóteles: “*A substancia encóntrase sometida ao cambio.*” (Metafísica).

O movemento explícase en base aos conceptos de *acto* e de *potencia*: en todo ser hai o que ese ser xa é (o acto, *enérgeia*) e o seu poder chegar a ser, o que aínda non é, pero pode alcanzar a ser (a potencia, *dynamis*). O cambio explícase, entón, como paso do ser en potencia ao ser en acto, ou, paso da potencia ao acto; de poder ser mera potencialidade ou posibilidade, a realizar actualmente esa potencia. O paso de semente a árbore, segundo o exemplo do propio Aristóteles. A semente é semente en acto (o que é

agora mesmo), pero é árbore en potencia (o que pode chegar a ser, pero aínda non é). Esta claro que esta idea do devenir e do cambio aplícase en especial ás substancias orgánicas, aos seres vivos, posto que, por exemplo, unha pedra non pode pasar da potencia ao acto, por ser un obxeto inerte. Aristóteles identifica a potencia coa materia e o acto coa forma. De tal xeito, que nos seres orgánicos o movemento, entendido como cambio ou transformación, ten como fin (télos) que os seres vivos alcancen o seu máximo desenvolvemento, a completa realización da forma propia da especie.

O carácter teleolóxico da natureza

A natureza e todos os seres vivos caracterízanse polo movemento, co cal se está a defender o carácter dinámico da realidade.

“Todo ser natural posúe en si mesmo un principio de movemento e de repouso, tanto respecto do lugar, como respecto ao crecemento e decrecemento..., porque a natureza é o principio e a causa do movemento e do repouso das cousas...” (Física).

“Natureza, no seu sentido primitivo e fundamental, é a esencia dos seres que posúen en si mesmos e en tanto que tales, o principio do movemento.” (Metafísica).

A substancia aristotélica é, como xa se indicou, algo dinámico, un ser en desenvolvemento, en devenir, en perpétuo proceso de realización dende dentro del mesmo, é dicir, dende a súa propia natureza. Esta afirmación vale especialmente para os seres vivos, as substancias naturais, que tenden todas cara un fin (télos), que consiste en alcanzar o seu máximo grado de perfección, a súa plenitude.

A teoría das catro causas

Posto que coñecer algo cientificamente é coñecer as súas causas, a física debe ocuparse de establecer as causas dos seres naturais.

As causas son as seguintes: a *causa material*, a materia da que está feita esa substancia (por exemplo, o bronce do que está feita a estatua); a *causa formal*, que se identifica coa forma, e ven sendo aquilo que fai que unha substancia sexa o que é (a esencia ou forma da estatua); a *causa eficiente*, o axente que produciu a substancia (o escultor) e a *causa final*, a finalidade pola que se creou esa substancia (adornar un templo). Lembremos que no caso dos seres naturais, a causa final coincide co télos, o fin cara o que tenden, que é o logro da seu máximo desenvolvemento ou perfección.